

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 3 de agosto de 2009

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font
D. Xulio Calviño Rodríguez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro

Invitados:

D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día tres de agosto de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1047).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 13 de xullo, extraordinaria e urxente do 15 de xullo e ordinaria do 20 de xullo. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(1048).- DESIGNACIÓN DE SUBSTITUTOS DO TITULAR DA ASESORÍA XURÍDICA COMO VOGAL DA MESA DE CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE VIGO.

Dáse conta da resolución do alcalde-presidente, do 31.07.09, que di o seguinte:

Nomear, como substitutos do titular da Asesoría Xurídica na Mesa de Contratación do Concello de Vigo, para os casos de vacante, ausencia ou enfermidade deste, pola orde que segue, aos seguintes funcionarios da Asesoría Xurídica: dona Margarita Parajó Calvo, técnica de administración xeral, xefa do servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica; don Pablo Olmos Pita, técnico de administración xeral, letrado da Asesoría Xurídica; don Secundino Otero Failde, técnico de administración xeral, letrado, da Asesoría Xurídica; dona Susana García Álvarez, técnica de administración xeral, letrada adxunta ao xefe do servizo do Contencioso da Asesoría Xurídica e don Xesús Costas Abreu, técnico de administración xeral, letrado xefe deste último servizo.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3(1049).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO PARA O ANO 2009. EXPTE. 4093/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-xurídico do 29.06.09, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF 36704666).

2º.- Autorizar o gasto de 15.000 € con cargo á partida 4631.4890001 “Convenio Fed. Peñas Recr. El Olivo”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2009.

3º.- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO”

En Vigo, a _____ de _____ de dous mil nove

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo.

E doutra D. Balbino Moreira Vállez en calidade de Presidente da “Federación de Peñas Recreativas El Olivo ”, con CIF: G-36704666, e domicilio na Praza de Galegos Ilustres de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta da certificación que figura na documentación do expediente núm. 4093-320.

Tendo, daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”, conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- ✓ A estimulación e desenvolvemento do deporte
- ✓ O fomento e estimulación da cultura e o arte
- ✓ A organización e desenvolvemento de eventos recreativos
- ✓ O apoio as iniciativas realizadas en prol do desenvolvemento cultural de Vigo

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos, polo que existe un compromiso, non só de garantir a participación, senón tamén de promovela activamente. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter de sociocomunitario as cales redundan no beneficio da cidade.

III.- Que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 4631.4890001 (Convenio “Fed. Peñas Recr. El Olivo”), prevé nominativamente a concesión dunha subvencións por importe de 15.000 € a favor da “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é regular a cooperación entre as dúas entidades a través do financiamento dunha serie de accións de carácter organizativo, informativo e sociocomunitario que permitan a programación e desenvolvemento de distintas actividades de carácter cultural, cívico e social, que veñen recollidas na documentación que se acompaña.

V.- Que a entidade “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”, non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de Subvencións de Galicia, atopase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente número 4093-320.

VI.- Que en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” comprométese a colaborar coa concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo para o fomento das actividades previstas e, concretamente, a:

- *Asumir a programación, organización e xestión das seguintes actividades:*

ÁREAS	CONCEPTO	IMPORTE SOLICITADO
Organización	Xestión e Administración <ul style="list-style-type: none"> • Local Social • Consumibles • Administración • Subministro 	6.000,00 €
Promoción	Edición da Revista Anuario	2.500,00 €
Convivencia	Festa das Peñas	2.500,00 €
Social	XXV Trofeo Cidade de Vigo de Xogos de Mesa	4.000,00 €
	<i>Total</i>	15.000,00 €

- *Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Participación Cidadá, cunha antelación de 15 días naturais, o lugar, datas e horas de inicio das actividades, e programación para desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicarlle calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.*
- *Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros na súa condición de usuario da propiedade municipal e tendo en conta ó Concello como un dos asegurados. Asemade esta incluírá a responsabilidade civil locativa que ampare calquera dano que poida ocasionar ó local polos actos u omisións de carácter negligente co límite de indemnización mínima fixado no acordo de cesión do Pleno do Concello de Vigo, e en todo caso a falta deste acordo polo importe mínimo de 300.506 € .*
- *Editar o material gráfico da programación das actividades sociais que figuran no convenio e a súa distribución no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo -Concellaría de Participación Cidadá- como patrocinador das actividades, sendo esta cuestión extensible ás placas de trofeos, carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.*
- *A revista Anuario reservará dúas páxinas para os saúdas do/da alcalde/alcaldesa e do/da concelleiro/a de Participación Cidadá, figurando na contraportada do libro o texto "Patrocinado polo Concello de Vigo -Concellaría de Participación Cidadá-" co seu logotipo. As páxinas para espazos publicitarios incluíranse no interior do libro e limitaranse a un máximo de 16. Na memoria final deberán indicarse os importes dos patrocinios publicitarios inseridos na revista.*
- *Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*

- *Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.*
- *As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.*
- *Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- a) Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.*
- b) Respetar a estrutura organizativa da “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” e asinar o convenio estruturado en áreas con programas específicos.*
- c) Conceder directamente á entidade “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” unha subvención por importe de 15.000,00 € co obxecto de coadjuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.*

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou en público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada; suposto no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución das actividades que constitúen o obxecto da subvención.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade do financiamento municipal nas actividades subvencionadas mediante a inserción do logo do Servizo de Participación Cidadá en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto.

Oitavo.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 15 da Lei Galega de Subvencións ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais como se prevé no art. 15.2.a) da citada Lei.

Noveno.- Liquidación Final: A entidade beneficiaria entregará no prazo máximo de tres meses desde a finalización do convenio unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual, e unha conta xustificativa cos xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.

As contas xustificativas conterán, con carácter xeral, a seguinte documentación:

a)Solicitude de liquidación final.

b)Memoria descritiva das actuacións xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, a ser posible, a seguinte información:

- Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
- Datas e lugar de celebración.*
- Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
- Actuacións realizadas.*
- Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*

a)Relación numerada correlativamente de todos e cada un dos documentos xustificativos que se presenten, con identificación do acredor, obxecto facturado, importe, data e forma de pago. Nas facturas se computará o gastos acreditados deducido o IVE, salvo que a entidade ou asociación acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.

b)Facturas ou documentos xustificativos orixinais (posible devolución conforme ao apartado d.1)), polo importe total da subvención outorgada.

d.1) Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser estampillados polo Servizo de Participación Cidadá, mediante un selo existente ao efecto, no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificantes imputouse total ou parcialmente á subvención.

d.2) Os gastos realizados se acreditarán mediante facturas con todos os seus elementos e en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa.

Os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (R.D. 1496/2003) , considerándose imprescindible que recolla o nome

ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.

d.4) As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención, aínda que esta cantidade non sexa imputable á subvención a xustificar.

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

f) Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

•Décimo Primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen ao longo do ano 2009.

No suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo Segundo.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo Terceiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo Cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2009.

ANEXO I
ACTIVIDADES DA ENTIDADE

ÁREAS	PROXECTO	CUSTE PROXECTO	IMPORTE SOLICITADO
Organización	<i>Xestión e Administración</i> <ul style="list-style-type: none">• <i>Local Social</i>• <i>Consumibles</i>• <i>Administración</i>• <i>Subministro</i>	9.500,00 €	6.000,00 €
Promoción	<i>Edición da Revista Anuario</i>	3.600,00 €	2.500,00 €
Convivencia	<i>Festa das Peñas</i>	7.200,00 €	2.500,00 €
Social	<i>XXV Trofeo Cidade de Vigo de Xogos de Mesa</i>	5.350,00 €	4.000,00 €
	<i>Total</i>	25.650,00 €	15.000,00 €

4(1050).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 14/370, 13/700.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta da traballadora social responsable do programa, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D. Manuel Domínguez Cendón. Expte. 13/700.
- D^a. Nieves Puentes Vilas. Expte. 370/14.

5(1051).- PRÉSTAMO DE FOTOGRAFÍAS DA COLECCIÓN FOTOGRÁFICA DO CONCELLO DE VIGO AO ROTARY INTERNACIONAL, GOBERNADORÍA DE DISTRITO 2201, PARA MOSTRA ITINERANTE “LA IMAGEN SOLIDARIA”. EXPTE. 11739/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura, do 24.07.09, conformado polo concelleiro-delegado do Área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prestar ao Rotary Internacional, Gobernadoría de Distrito 2201, CIF G361455092, un total de 21 obras fotográficas que se detallan de acordo coa identificación da catalogación

realizada polo MARCO en “Anexo único”, pertencentes á Colección Fotográfica do Concello de Vigo; con destino á mostra itinerante “*La imagen solidaria*“ comisariada por Antón Castro e Olga Martínez López, que programa a citada organización entre o 1 de setembro de 2009 e o 5 de xullo de 2010 nos seguintes lugares:

- Valladolid, Sala Cultural Caja España, do 15 ao 20 de setembro de 2009
- Zamora, Sala Exposicións Caja España, do 5 ao 25 de outubro de 2009
- Leon, Casa de las Carnicerías, do 2 ao 22 de novembro de 2009
- Palencia, Sala Caja España, do 25 de novembro ao 13 de decembro de 2009
- Burgos, Casa del Cordón, do 12 ao 30 de xaneiro de 2010
- Salamanca, Palacio de Garcigrande, febreiro (a determinar)
- Cáceres, Centro Cultural Caja Duero, marzo (a determinar)
- Oviedo, Caja Astur, abril (a determinar)
- Ourense, Sala Caixanova, do 4 ao 25 de maio de 2010
- Pontevedra, Sala Caixanova, do 8 ao 29 de xuño de 2010

2º.- O préstamo das fotografías da colección fotográfica do Concello de Vigo ao Rotary Internacional, Gobernadoría de Distrito 2201, realízase de acordo coas seguintes condicións:

- Período do préstamo.- Dende o 1 de setembro de 2009 ata o límite da data de devolución ó MARCO, o 5 de xullo de 2010.
- Seguemento do tratamento de fondos.- O control dos movementos dos fondos asignarase ao MARCO, que designará un responsábel técnico para o seguemento do tratamento de fondos (os labores de rexistro, de condicións da montaxe, exhibición, desmontaxe, transporte, etc. e se fose necesario mesmo actuaría como “correo”). Os gastos derivados deste seguemento e control dos fondos correrán por conta da entidade beneficiaria do préstamo.
- Gastos.- A entidade beneficiaria do préstamo asume tódos os gastos de produción da exposición: traslados dos fondos fotográficos, embalaxe, seguro, montaxe-demontaxe, vixilancia, preparación das salas, etc.
- Seguro.- A entidade beneficiaria do préstamo garantirá que a totalidade das obras prestadas para a exposición dispoñerán do correspondente seguro, de acordo cos valores que figuran nas relacións da Colección Fotográfica do Concello. A modalidade de seguro será a de “cravo a cravo”, é dicir, dende a data saída (ou de comezo da embalaxe) das obras no MARCO até a devolución no mesmo lugar (ou remate da desembalaxe). O Concello de Vigo será o beneficiario da póliza. Para que se poida producir a saída das obras, a entidade beneficiaria do préstamo terá presentado no MARCO, con antelación suficiente e para a súa conformidade, unha copia da póliza de seguro ou un certificado de garantía da empresa aseguradora; na que se detallarán os valores individualizados de cada obra, o período de cobertura, a condición de beneficiario do Concello de Vigo, os riscos cubertos, etc. referidos á

exposición para a que se prestan (con constancia do lugar de exhibición). En todo caso só se autoriza a saída das obras aseguradas.

- Embalaxe. A entidade beneficiaria realizará ao seu cargo a embalaxe necesaria para os fondos que se presten, no caso que non dispuxeran deles. O MARCO supervisará a realización das embalaxes.
- Transportes.- A entidade beneficiaria realizará os transportes das obras en vehículo adecuado para este fin e informará previamente ao MARCO sobre as súas características e deberá obter a súa conformidade.
- Lugar de recollida e devolución das obras.- MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo. Rúa Príncipe, 54. 36202 Vigo (Pontevedra). Tel. +34 986 113900/11. Fax. +34 986 113901. info@marcovigo.com; www.marcovigo.com . O horario de recollida e devolución, acordarase entre a entidade beneficiaria do préstamo e o MARCO, tras a autorización do préstamo pola Xunta de Goberno Local; en todo caso o MARCO deberá ser avisado con 10 días de antelación para a recollida das obras.
- Recepción e devolución.- O MARCO designará á persoa que entregará os fondos á entidade beneficiaria do préstamo e que tamén os recollerá; realizando os informes e observacións necesarios sobre o seu estado no momento da embalaxe, da saída, da chegada e da desembalaxe dos fondos. O MARCO indicará ao beneficiario do préstamo as instrucións específicas de montaxe e exhibición das obras que as teñan e o beneficiario obrigase a cumprilas e, en caso de necesidade de adecuación da montaxe ás condicións específicas das salas, deberá obter a conformidade do MARCO.
- Dereitos de autor.- O préstamo dos fondos realízase sen prexuízo dos dereitos de autor que precise obter e xestionar a entidade beneficiaria do préstamo, para reproducións en publicacións, exhibición ou calquera outra obriga que lle correspondan en canto á lexislación e normativas sobre propiedade intelectual.
- Publicidade, difusión e protocolo.- Na difusión que se realice da exposición, así como no catálogo ou outros elementos que se editen, as imaxes indicadas referirán as obras prestadas como “Colección Fotográfica do Concello de Vigo” (ademais dos datos de autoría, técnicos, etc. que correspondan). Na difusión da exposición deberá facerse constar, cos correspondentes anagramas e logotipos a colaboración, do Concello de Vigo e a do MARCO. A entidade beneficiaria do préstamo entregará ao Concello de Vigo, un mínimo de 20 exemplares do catálogo da exposición, das publicacións e do material de difusión que se editen con este motivo. A entidade beneficiaria do préstamo comunicará á concellería delegada de Cultura os actos de comunicación ou difusión que se vaian realizar, tamén formalizará invitacións institucionais ao Concello de Vigo para os actos de inauguración informando das representacións doutras entidades.

ANEXO ÚNICO.
RELACIÓN DE OBRAS DO PRÉSTAMO AO ROTARY INTERNACIONA,
GOBERNADORÍA DO DISTRITO 2201 PARA MOSTRA TEMPORAL ITINERANTE
“LA IMAGEN SOLIDARIA”
(Período do préstamo: do 1 de setembro de 2009 ao 5 de xullo de 2010)

TOTAL: 21 obras fotográficas

- CRISTINA GARCIA RODERO. 093/VV207/CR/01.10/88, 1987. Bromuro de prata. Valor seguro 2000 €. Colección: Vigovisións. Título orixinal Sen título. 23,3 x 35,6 cm.
- CRISTINA GARCIA RODERO. 098/VV212/CR/06.10/88, 1987. Bromuro de prata. Valor seguro 2000 €. Colección Vigovisións. Título orixinal Sen título. 23,3 x 35,6 cm.
- CRISTINA GARCIA RODERO. 101/VV215/CR/09.10/88, 1987. Bromuro de prata. Valor seguro 2000 €. Colección Vigovisións. Título orixinal Sen título. 23,3 x 35,6 cm.
- CRISTINA GARCIA RODERO. 102/VV216/CR/10.10/88, 1987. Bromuro de prata. Valor seguro 2000 €. Colección Vigovisións. Título orixinal Sen título. 23,3 x 35,6 cm.
- KOLDO CHAMORRO. 315/VV635/KC/04.10/94, 1994. Bromuro de prata. Valor seguro 900 €. Colección Vigovisións. Título orixinal Sen título. 18,5 x 28 cm.
- KOLDO CHAMORRO. 318/VV638/KC/07.10/94, 1994. Bromuro de prata. Valor seguro 900 €. Colección Vigovisións. Título orixinal Sen título. 18,5 x 28 cm.
- KOLDO CHAMORRO. 320/VV640/KC/09.10/94, 1994. Bromuro de prata. Valor actual 900 €. Colección Vigovisións. Título orixinal Sen título. 18,5 x 28 cm.
- JOAN FONTCUBERTA. 259/VV579/JF/01.02/94, 1994. Técnica Fotografía a cor. Copia tipo C. Valor seguro 5000 €. Colección Vigovisións. Título orixinal Sen título. 108 x 82 cm
- JOAN FONTCUBERTA. 260/VV580/JF/02.02/94, 1994. Técnica Fotografía a cor. Copia tipo C. Valor seguro 5000 €. Colección Vigovisións. Título orixinal Sen título. 82 x 108 cm
- MANUEL VILARIÑO. 408/VV834/MV/01.10/96, 1996. Técnica Bromuro de prata. Valor seguro 1200 €. Colección Vigovisións. Título orixinal Orixes. 54 x 42 cm.
- MANUEL VILARIÑO. 411/VV837/MV/04.10/96, 1996. Técnica Bromuro de prata. Valor seguro 1200 €. Colección Vigovisións. Título orixinal Orixes. 54 x 42 cm.
- MANUEL VILARIÑO. 412/VV838/MV/05.10/96, 1996. Técnica Bromuro de prata. Valor seguro 1200 €. Colección Vigovisións. Título orixinal Orixes. 54 x 42 cm.
- MANUEL VILARIÑO. 415/VV841/MV/08.10/96, 1996. Técnica Bromuro de prata. Valor seguro 1200 €. Colección Vigovisións. Título orixinal Orixes. 54 x 42 cm.
- BELÉN GÓMEZ. 612/VV1142/BG/01.01/00, 2000. Técnica Fotografía a cor. Copia tipo C. Valor seguro 6000 €. Colección Vigovisións. Título orixinal Sen título. 50 x 60 cm.
- BELÉN GÓMEZ. 616/VV1146/BG/01.05/00, 2000. Técnica Fotografía a cor. Copia tipo C. Valor seguro 6000 €. Colección Vigovisións. Título orixinal Sen título. 50 x 60 cm.
- BELÉN GÓMEZ. 617/VV1147/BG/01.06/00, 2000. Técnica Fotografía a cor. Copia tipo C. Valor seguro 6000 €. Colección Vigovisións. Título orixinal Sen título. 50 x 60 cm.

DANIEL CANOGAR. 439/VV909/DC/04.06/98, 1998. Técnica Chorro de tinta. Valor seguro 3000 €. Colección Vigovisións. Título orixinal Estudio para una transición 4. 29,5 x 102 cm.

DANIEL CANOGAR. 441/VV911/DC/06.06/98, 1998. Técnica Chorro de tinta. Valor seguro 3000 €. Colección Vigovisións. Título orixinal Estudio para una transición 6. 29,5 x 102 cm

VARI CARAMÉS. 001/VV13/VC/01.10/86, 1986. Técnica Fotografía branco e negro. Bromuro de prata virada a sepia. Valor seguro 700 €. Vigovisións. 1986-2000. Título orixinal A movida viguesa. 18 x 28 cm.

VARI CARAMÉS. 009/VV21/VC/09.10/86, 1986. Técnica Fotografía branco e negro. Bromuro de prata virada a sepia. Valor seguro 700 €. Vigovisións. Título orixinal A movida viguesa. 18 x 28 cm.

ANDREA COSTAS. 531/FF1156/AC/1.1/00, 2000. Técnica Fotografía branco e negro. Bromuro de prata. Valor seguro 600 €. Serie “Incorporados”. 59 x 43,2 cm.

6(1052).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE ASISTENCIA DO XEFE DO DEPARTAMENTO DE CULTURA AO “CONGRESO INTERNACIONAL SOBRE A PLUSVALÍA ECONÓMICA DA CULTURA” EN VALENCIA. EXPTE. 11679/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura, do 25.06.09, conformado polo concelleiro delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a asistencia do xefe do departamento de Cultura, con nº persoal 18135, ao “Congreso Internacional sobre A plusvalía económica da cultura”, que se realizará do 10 ao 13 de novembro en Valencia (Palacio de Congresos), organizado polo SARC (Servizo de Asistencia e Recursos Culturais) da Deputación Provincial de Valencia.

2º.- Autorizar os seguintes gastos: cinco dietas por aloxamento (329,85 €), catro dietas completas por manutención (149,60 €), dúas medias dietas por manutención (37,40 €), que supoñen un total de 516,85 € con cargo á partida 4510.230.01.00 “dietas de persoal”; gastos de desprazamento por un máximo de 483,08 € con cargo á partida 4510.231.00.00 “gastos de locomoción”; cota de incrición de 60 € no Congreso, con cargo á partida 4510.162.00.00 “Cursos e xornadas”.

7(1053).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á AGRUPACIÓN DE FESTAS DO CONCELLO DE VIGO DA OCUPACIÓN DE ESPAZO PÚBLICO PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE SAN ROQUE. EXPTE. 76162/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da enxeñeira técnica, do 22.07.09, conformado polo concelleiro delegado da Área de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

AUTORIZAR á AGRUPACIÓN DE FESTAS DO CONCELLO DE VIGO á ocupación do espazo sinalado no plano achegado para a celebración das FESTAS DE SAN ROQUE, na rúa Filipinas, na fronte do muro da propia finca de San Roque e até a rúa Rola e sen que en ningún caso sobrepase a mediana da rúa debendo deixar libre en todo caso cinco metros durante os vindeiros días 15, 16, 17 e 18 de agosto de 2009, podendo iniciar a montaxe o día 13, sempre que sexa debidamente delimitado e sinalizado, de conformidade coa normativa vixente en materia de seguridade vial, para o libre tránsito de persoas e vehículos no seu contorno, con paso suficiente para os vehículos de urxencia e sen ocupar ou invadir as vías públicas, camiños de servizo ou accesos que non estean expresamente autorizados.

Asimesmo e para os efectos de seguridade vial considérase procedente que non se permita o tráfico rodado no horario de celebración da festa na rúa Filipinas entre a rúa Couto de San Honorato e a Baixada a San Roque.

Deberase sinalizar e balizar o contorno afectado de conformidade coa normativa actual en materia de Tráfico e Seguridade Vial tanto de día como de noite. Así mesmo, deberase dar a suficiente difusión pública das modificacións puntuais do tráfico.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, raandeiras, carruseis, tiro o blanco e outras similares.

Axustaranse asimesmo, ás seguintes normas:

Horario máximo autorizado::3. 30 horas, coas ampliacións previstas na Orde de 16 de xuño de 2005, pola que se determinan os horarios de aperturas e peche dos espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 117, de 20 de xuño de 2005).

Límite transmisión ruído: non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibración, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.

- ▶ Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, una vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento as normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.
- ▶ Os organizadores deberán dar cumprimento ó disposto no acordo plenario de data 27 de novembro do 2000, en canto non ocupar máis espazo do autorizado, limitar a celebración ós días autorizados e producir as menores molestias posibles ós veciños.
- ▶ A ocupación non exterior da finca de San Roque só se autorizará dous días antes das datas autorizadas e o día seguinte con obxecto de instalar e desinstalar os postos.

▶ O aparcamento dos vehículos correspondentes ós titulares da organización e participantes nas actividades das festas, farase principalmente no lateral da Avda. de Madrid anexo á Finca de San Roque.

▶ Deberán de garantir que dispoñen de certificado de instalación emitido por instalador autorizado oficial que permite a súa posta en funcionamento con independencia de que o seu subministro se realice conectándose a unha rede de distribución ou como prolifera actualmente mediante un grupo halóxeno,entendéndose non autorizado este evento senón dispoñen do mencionado certificado.

8(1054).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 23.762,41 € A FAVOR DA EMPRESA SIMCO S.L. POLO MANTEMENTO DOS PARQUES FORESTAIS O MES DE MAIO 2009. EXPTE. 4604/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.07.09, e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro de Montes, do 2.07.09, conformado, por delegación, polo concelleiro de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar unha indemnización substitutiva a favor da empresa Simco S. L. polo mantemento dos Parques Forestais de Vigo durante o mes de maio de 2009, por importe de 23.762,41 €.

2º.- Recoñecer a obriga a favor da empresa Simco S. L. por un importe de 23.762,41 € como consecuencia do mantemento dos Parques Forestais de Vigo e con cargo a partida orzamentaria 4326.210.00.01.

9(1055).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 23.762,41 € A FAVOR DA EMPRESA SIMCO S.L. POLO MANTEMENTO DOS PARQUES FORESTAIS O MES DE XUÑO 2009. EXPTE. 4661/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.07.09, e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro de Montes, do 2.07.09, conformado, por delegación, polo concelleiro de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar unha indemnización substitutiva a favor da empresa Simco S. L. polo mantemento dos Parques Forestais de Vigo durante o mes de xuño de 2009, por importe de 23.762,41 €.

2º.- Recoñecer a obriga a favor da empresa Simco S. L. por un importe de 23.762,41 € como consecuencia do mantemento dos Parques Forestais de Vigo e con cargo a partida orzamentaria 4326.210.00.01

10(1056).- DEVOLUCIÓN DE AVAL POR IMPORTE DE 3.000 € A ALAMEDA VIGO CONSTITUÍDO POR OBRAS NA RÚA GARCÍA OLLOQUI, 1. EXPTE. 3437/446.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do Xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 7.07.09, conformado, por delegación, polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Que se proceda á devolución de aval requirido a Alameda Vigo S.L. por valor de 3.000,00 € por retirada de xardineiras con elementos vexetais en rúa García Olloqui nº 1 por obras en edificio, xa que unha vez rematadas as obras, as mesmas foron repostas correctamente.

11(1057).- ABOAMENTO DE COTAS DE COMUNIDADE Á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA RÚA REPÚBLICA ARGENTINA Nº 12-14 (ABRIL-MAIO-XUÑO). EXPTE. 18679/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 9.06.09, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar, en concepto de cuotas de comunidade , a Comunidade de Propietarios do inmovible sito na rúa República Argentina nº 12- 14, a cantidade de 5.254,32 euros, polo importe correspondente os meses de abril, maio e xuño de 2009, efectuando dito ingreso na conta de Caixa Madrid, que mantén aberta a comunidade, nº 20384016956000108813.

12(1058).- ABOAMENTO DE COTAS DE COMUNIDADE Á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA RÚA QUINTELA Nº 31 (DE NOVEMBRO 2007 A XUÑO 2009). EXPTE. 18692/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 18.06.09, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar a Comunidade de propietarios da rúa Quintela nº 31, en concepto de pago da cuota de comunidade correspondente a este Concello como propietario dun baixo Comercial en dito inmovible, polos meses de novembro de 2007 a xuño de 2009, a cantidade de 1.276,08 euros. O importe poderase imputar a partida 12102120005 do vixente presuposto.

13(1059).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 281.156,55 € A FAVOR DE LINORSA POLOS TRABALLOS DE LIMPEZA NA CASA CONSISTORIAL E OUTRAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS. EXPTE. 18688/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 21.07.09, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 8.07.09, conformado polo concelleiro-delegado de Patrimonio e Contratación, que di o seguinte:

O Concello de Vigo, por Resolución da Alcaldía de 30 de decembro de 2002, acordou adxudicar o servizo de limpeza da Casa Consistorial e outras dependencias municipais, propias ou arrendadas, á empresa "Limpezas del Noroeste, S.A."- LINORSA-, por un prezo contractual de 957.374,84 euros/ano, e un prazo de dous anos, con posibilidade de prorroga por dous anos mais, mediante acordo expreso do Organo de Contratación.

O prazo da contratación ó que se refire o parágrafo anterior, tal como estaba estipulado no prego de condicións que rexeu o concurso convocado para a adxudicación, finalizou o 31 de decembro de 2006, e o feito que á data actual, non esté adxudicado un novo concurso para a prestación do servizo de limpeza en distintas dependencias municipais, según informea o servizo de contratación, por mor da publicación da Lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do sector público, na que se prevé unhas condicións mais favorables en canto a prazos, considerouse preferible demorar a redacción do prego de condicións e a posterior licitación ata a entrada en vigor de dita Lei. A decisión anterior non solo afectou a presente contratación senon tamén ó resto das contratacións dos distintos servizos, obras e suministros municipais, feito que provocou un retraso considerable e que fai que a data actual o expediente aínda non esté adxudicado, todo elo fai que sexa necesario indemnizar á empresa polos servizos prestados.

Dado o tipo de servizo de que se trata, requireuse ó adxudicatario do servizo, para que continuase coa prestación deste, ata que se adxudique o novo expediente de contratación que se está tramitando.

A empresa adxudicataria manifestou a conformidade á continuar coa prestación de dito servizo, nas mesmas condicións que ata data se estaba realizando, incluíndo a posibilidade de revisión de prezos tal como se recollía na contratación inicial concertada coa empresa.

O importe facturado considerase adecuado, xa que, o cálculo deste, foi efectuado en base os mesmos criterios, e correspondense cos vixentes no contrato do servizo de limpeza de dependencias do Concello de Vigo cúa empresa Linorsa.

O importe deste expediente de recoñecemento de debida, corresponde ó adeudado á empresa perante os meses de FEBREIRO e MARZO de 2009, a facturación do mes de xaneiro aparece revisada conforme o convenio provincial de limpeza de edificios. Incluíse tamén o importe correspondente a limpeza nos aseos do parque de Castrelos, por mor de unha nova ampliación cúa inclusión dos aseos.

O importe facturado mensualmente pola limpeza dos distintos centros, unha vez actualizado é o seguinte:

- Limpeza Casa do Concello 125.823,72 euros.
- Limpeza edificio rúa areal 36/Oporto 10.102,58 euros.
- Limp. Programa pto. Xove 580,30 euros.
- U.B.A.S. Teis 347,86 euros.
- Programa empece 1.181,41 euros.
- Limpeza en vestuarios de Castrelos 518,07 euros.
- Limpeza en aseos de castrelos: 381,98 euros.

- Aumento do servizo de limpeza en Parque Movil 951,41 euros.
- Centro Sereos Elduayen nº 7: 355,30 euros.

Inclúese tamén neste expediente de crédito, a facturación de diversos traballos extraordinarios realizados en distintos centros municipais, como a limpeza extraordinaria por exames na biblioteca central..

Polo exposto, previo informe da Intervención Xeral, co fin de aboar á empresa “Limpiezas del Noroeste, S.A.”, a cantidade adeudada, faise necesario que pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, se adopte o acordo de indemnizar a empresa “Limpiezas del Noroeste, S.A.”, en concepto de indemnización substitutiva, pola prestación do servizo de limpeza na Casa do Concello e outras dependencias municipais, 281.156,55 euros ive engadido.

Polo exposto, previo informe da Intervención Xeral, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte A C O R D O

Aprobar a indemnización substitutiva a favor da empresa “Limpiezas del Noroeste, S.A.”, por un importe total de 281.156,55 euros, ive engadido, que se imputarán a partida presupuestarias 12102270000 do vixente exercicio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1060).- CONTRATACIÓN LABORAL-TEMPORAL POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS OFICIAIS CONDUCTORES POR UN PERÍODO DE TRES MESES. EXPTE. 19191/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 23.07.09, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización, do 16.07.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder á contratación laboral-temporal por acumulación de tarefas de dous/dúas oficiais conductores/as, por un periodo de tres meses, prorrogables por outros tres, dentro dun máximo de seis meses, ao abeiro do exposto no artigo 15.1.b) do Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, nos termos da solicitude da Xefatura do Parque Móbil Municipal de data 19 de xuño de 2009 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 11.346,66€ con cargo a partida orzamentaria 121.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte as referidas contratacións.

Segundo.- Autorizar a contratación de D. ANTONIO PÉREZ RODRÍGUEZ, DNI 76.708.986-F, e D. JOSE LUIS OJEA DOMINGUEZ, DNI 36.050.799-R como oficiais conductores, por un periodo de tres meses, prorrogables por outros tres mais, ata completar un máximo de seis meses (1 de agosto ó 31 de outubro de 2009) para a realización de tarefas de oficial conductor, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na

derradeira convocatoria para a provisión de postos de Oficial Conductor, autorizadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 14 de maio de 2009, de conformidade coas bases da mesma e o disposto no art. 3.3º da Orde 1461/2002, do 6 de xuño do Ministerio para as Administracións Públicas, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 233, oficial conductor, sendo adscritos ó Servizo do Parque Móbil (cód. 445).

Formalizaranse cos interesados, contratos laborais temporais por acumulación de tarefas ó amparo do disposto no art. 15.1.b) do Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, para a realización de tarefas de condución de vehículos municipais.

Terceiro- Será de aplicación o disposto no artigo 15.5 do Estatuto dos Traballadores no relativo a duración máxima dos períodos de contratación das distintas modalidades contractuales de duración determinada (24 meses dentro do período de 30 meses computados dende o 1 de xullo do 2006).

Cuarto.- A xornada laboral dos traballadores/as contratados/as, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,45 a 15,00 horas-, coa excepción do período comprendido entre o 15 de xuño e o 15 de setembro, no que a xornada será de 07,45 a 14,00 horas.

En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do Servizo fose necesario.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

15(1061).- EXECUCIÓN SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NO REC. PA 240/2008, INTERPOSTO POR D. DAVID MOSQUERA ESTÉVEZ, SOBRE RECOÑECIMENTO DE RETRIBUCIÓN. EXPTE. 19200/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 29.07.09, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 23.07.09, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 5 de novembro de dous mil oito, o Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº 1, dictou sentenza no recurso pa 240/2008, sobre desestimación presunta de recurso formalizado en relación a percepción de retribucións, que foi estimado.

En dita sentenza fallase literalmente:

“Que debo estimar y estimo el recurso contencioso-administrativo interpuesto por D. David Mosquera Estévez frente al Concello de Vigo, seguido como proceso abreviado número 240/2008 ante este Juzgado, contra el acto administrativo citado en el encabezamiento, que se anula, por ser contrario al ordenamiento jurídico.

En consecuencia, procede reconocer el derecho del demandante a percibir, con cargo al Concello de vigo, las retribuciones correspondientes al puesto de funcionario interino que venía desempeñando en el Ayuntamiento de Pontevedra, a que se le abonen las diferencias retributivas que correspondan, más los intereses legales.”

2.- Con data 8 de xuño de 2009, ten entrada a través do Rexistro Xeral do Concello Providencia de dito Xulgado polo que se solicita se alegue o que se estime conveniente en relación con dito procedemento, sendo remitida cuantificación das cantidades a abonar.

3.- Con data 8 de xullo de 2009, remítese providencia polo Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº 1 onde se fixa en 2.153,55 € a cantidade a satisfacer por este Concello de Vigo en execución da sentenza dictada, requeriéndose que se execute no prazo dun mes.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de vulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTESQUIEU e a súa fundamental obra “*Dèfense de l’esprit des lois*” (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

II. O art. 103.2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, establece que as resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento na forma e nos termos que nestas se consignen; en idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

III. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, "... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado".

IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal.

Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Proceder ao efectivo cumprimento do mandato xudicial contido na sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, nos autos do procedemento abreviado seguidos co número 240/2008, a instancia de D. David Mosquera Estévez, nº de persoal 80563, bombeiro do Servizo de Extinción de Incendios, correspondente a diferencias retributivas máis os intereses legais por importe de 2.153,55 €, con cargo a partida orzamentaria 121.0.141.0000 "Indemnizacións por sentenzas xudiciais".

SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo ao Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa resolución xudicial que se executa, a través do Servizo de Asesoría Xurídica do Concello, notificando asemade o mesmo ao interesado, Intervención Xeral e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos que procedan."

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1062).- ABONO RESTO PENDENTE EXECUCIÓN SENTENZA DO XULGADO DO SOCIAL Nº 4 DE VIGO NA EXECUCIÓN 158/08, EN MATERIA DE DESPIDO. EXPTE. 19198/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 29.07.09, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 23.07.09, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 7 de xullo de 2008, a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dictou sentenza no recurso de suplicación 2450/08, interposto por D^a M^a Eugenia Cruz Lorenzo, Rosa M^a Molinos Campos e D^a Sonia Rodríguez Ricart e polo Concello de Vigo contra a Senteza do Xulgado do Social nº 4 de Vigo, que fallou literalmente:

“Que estimando la demanda interpuesta por D^a M^a Eugenia Cruz Lorenzo, Rosa M^a Molinos Campos e D^a Sonia Rodríguez Ricart, debo declarar y declaro improcedente el despido de que fueron objeto las mismas con fechas 27/12/07 por parte del Ayuntamiento de Vigo, al que condeno a que en el plazo de cinco días desde la notificación de esta resolución opte entre la readmisión de los trabajadores o a abonarles las siguientes indemnizaciones: M^a Eugenia Cruz Lorenzo 8.082 euros; Rosa M^a Molinos Campos y Sonia Rodríguez Ricart 18.855 euros, así como los salarios dejados de percibir desde la fecha del despido hasta la notificación de esta sentencia, advirtiéndole a la citada empresa que en caso de no optar en el plazo expresado se entenderá que procede la readmisión”.

2.- A representación legal do Concello exercitou a opción pola indemnización en prazo, sendo requerido o Concello de Vigo por auto de 10 de outubro de 2008 para a inmediata execución do resolto, cuantificando o importe total das indemnizacións ás recorrentes, sendo executada por resolución do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal de data 30 de decembro de 2008.

3.- Con data 19 de febreiro de dous mil nove o Xulgado do Social Nº 4 dos de Vigo, dicta providencia pola que se require a este Concello para que se ingrese a suma de 3.143,91 €, en concepto de tasación de costas na execución 158/2008, reiterado por autos de datas 16 de marzo e 21 de xullo de 2009.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de xulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requirida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTESQUIEU e a súa fundamental obra “Dèfense de l’esprit des lois” (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, “... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado”.

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar que o Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, efectúa no seu artigo 235 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 16 de decembro do 2008, recaída no recurso de suplicación nº 4904/2008

IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal.

Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Proceder ao efectivo cumprimento do mandato xudicial contido na providencia do Xulgado do Social nº 4 de Vigo, na execución 158/08, en materia de despido, de data 19 de febreiro de dous mil nove, na que se efectúa a liquidación de intereses, por un importe de 3.143,91 €, con cargo a partida orzamentaria 121.0.141.0000 “Indemnizacións por sentenzas xudiciais”.

SEGUNDO.- Dita contía de 3.143,91 € deberá ser ingresado na Xulgado na conta bancaria 0030 1871 30 0000000000 co concepto 3629 0000 64 015808.

TERCEIRO.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 4 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa resolución xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1063).- NOMEAMENTO DUNHA AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL COMO FUNCIONARIA INTERINA POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, POR UN PERÍODO DE SEIS MESES. EXPTE. 19190/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 23.07.09, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización, do 17.07.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder ó nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como auxiliar administrativo/a, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito periodo, xustificada nas necesidades do Servizo de Dirección de Ingresos contidas no escrito de data 19 de maio de 2009.

Segundo.- Nomear funcionaria interina por acumulación de tarefas como auxiliar de administración xeral por un periodo máximo de seis meses, á D^a. NORMA BEATRIZ VEIGA GONZÁLEZ, DNI 76.724.912-V, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de Auxiliares de Administración xeral por acumulación de tarefas, de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de decembro do 2008 e na Instrucción conxunta das Secretarías Xerais para a Administración Pública e de Orzamentos e Gastos sobre procedementos de autorización de contratos de persoal laboral e nomeamento de funcionarios interinos, así como co disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Terceiro.- Autoriza-lo gasto por importe de 11.075,33€, con cargo a partida orzamentaria 121.0.140.00.00-outras modalidades de contratación laboral, para facer fronte ao referido nomeamento.

Cuarto.- O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos.

18(1064).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DO SR. CONCELEIRO-DELEGADO DA AREA DE XESTIÓN MUNICIPAL DE ENCOMENDA DE FUNCIONES A D^a BEATRIZ BARBARÁ RODRÍGUEZ. EXPTE. 19209/220.

Dáse conta do Decreto do concelleiro-delegado da Área de Xestión Múncipal, que di o seguinte:

Con data 1 de xullo de 2009, a técnica de administración xeral interina, que cubría a vacante existente no Servizo de Medio Ambiente, presentou renuncia a través do Rexistro Xeral, a cal foi aceptada por resolución de data 2 de xullo seguinte.

Como consecuencia de dita renuncia o Sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal dictou instrucción de servizo con data 7 de xullo de 2009, pola que se ordeaba ao Servizo de Recursos Humanos a realización dos trámites administrativos necesarios para aprobación dunhas bases rectoras para cobertura con carácter interino de dita vacante, que foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de xullo de 2009.

Dado que resulta imprescindible un técnico/a para a tramitación dos expedientes do Servizo de Medio Ambiente a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, mentres se realiza o proceso selectivo e considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións.

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

RESOLVO

“Primeiro.- Encomendar provisionalmente a D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, con número de persoal 79572, técnica de administración xeral do Concello, adscrita ao Servizo de Patrimonio, con carácter provisional a tramitación do expedientes do Servizo de Medio Ambiente co fin de garantir a adecuada prestación do servizo público.

Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez dende a data do presente decreto ata que se proceda a súa cobertura interina da vacante de técnico de administración xeral do Servizo de Medio Ambiente, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.

Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado a interesada, concelleiro/a-delegado/a da Área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto

administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

19(1065).- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 180.000 € A FAVOR DE CICERE COMUNICACIÓN S.L.U. EN CONCEPTO DE GASTOS DE PRODUCCIÓN DE IMAXES DE VIGO. EXPTE. 2856/104.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 24.07.09, o informe de fiscalización, do 29.07.09, e de acordo co informe-proposta do coordinador xeral de Tenencia de Alcaldía, do 20.07.09, conformado polo concelleiro delegado de Comercio, Industria e Turismo, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito a favor da entidade CICERE COMUNICACIÓN S.L.U, en relación os gastos de produción de imaxes de Vigo, polo importe de 180.000,00 €, de acordo coa factura de data 18-décembro-2008, nº: 23-A, con cargo a partida e a vinculación 7510.2270604 “RC Produción de promoción da cidade” do vixente orzamento do ano 2009.

20(1066).- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 200.000 € A FAVOR DE UNIPUBLIC S.A. EN CONCEPTO DE PATROCINIO ÚLTIMO KILOMETRO NA VOLTA CICLISTA A ESPAÑA NA SÚA EDICIÓN 63ª. EXPTE. 2876/104.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 24.07.09, o informe de fiscalización, do 29.07.09, e de acordo co informe-proposta do coordinador xeral de Tenencia de Alcaldía, do 20.07.09, conformado polo concelleiro delegado de Comercio, Industria e Turismo, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito a favor da entidade UNIPUBLIC S.A.U., con CIF A28406775, en relación os gastos de deseño, impresión, colocación e retirada da cartelería promocional da cidade de Vigo no último kilómetro da 63ª edición da Volta Ciclista a España 2008, polo importe de 200.000,00 €, acorde ca facturas nº 69/00194 de data: 15/10/2008.

21(1067).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO CONTRATO DE PATROCINIO PUBLICITARIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A COMPAÑÍA AÉREA CLICKAIR S.A. EXPTE. 800/107.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador xeral de Tenencia de Alcaldía, do 28.07.09, conformado polo tenente de Alcalde, que di o seguinte:

Antecedentes:

1.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 26 de xuño de 2009, adoptou o seguinte acordo
a.- Aproba-lo gasto que de 325.960,00 euros, dos que 281.000,00 €, corresponden ao prezo do contrato e 44.960,00 ao IVE, como achega económica municipal para o contrato de patrocinio publicitario entre o Concello de Vigo e a compañía aérea Clickair a virtude do cal esta compañía aérea realizará unha promoción, difusión e publicidade da oferta cultural, turística, feiral, comercial, empresarial e deportiva da cidade tanto a través da súa actividade de transporte aéreo de viaxeiros, como por medio das canles de comunicación que a compañía mantén cos seus viaxeiros e eventuais usuarios.

b.- Aproba-lo expediente para a contratación do devandito patrocinio publicitario polo procedemento negociado sen publicidade e adxudicar provisionalmente o contrato a compañía aérea Clickair, S.A.; quen, no prazo de quince días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo, deberá acreditar ante esta Administración municipal estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social e a constitución de garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe da adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

2.- Por parte do departamento de contratación se fai público no perfil do contratista do Concello de Vigo o día 08/07/2009 para coñecemento xeral, o cal comunicallese o interesado vía fax o mesmo día 8, dandolle un prazo para presentar a documentación requirida ata o 27 de xullo de 2009.

3.- Proposta:

Según consta na documentación remitida polo departamento de patrimonio e contratación, Clickair, S.A., presenta a documentación requirida dentro do prazo estipulado polo que se propón a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1.- Adxudicar definitivamente o contrato de patrocinio publicitario entre o Concello de Vigo e a compañía aérea Clickair, S.A., polo importe de 325.960,00 euros, dos que 281.000,00 €, corresponden ao prezo do contrato e 44.960,00 ao IVE.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(1068).- PROPOSTA DE DESESTIMENTO DO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO DE TERREOS PROPIEDAD DO MINISTERIO DE FOMENTO NO PP 03.23 BARUXÁNS-B. EXPTE. 208/413.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do do 27.07.09, asinado polo técnico de Admón. Xeral e polo director da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. O Plan Parcial 03.23 «BARUXÁNS – B» (Bembrive) foi definitivamente aprobado en sesión plenaria do 02.09.2002 (Exp. nº 5823/411; BOP nº 206, do 25/10/2002). Figura no expediente, ó folio nº 13, informe favorable do Ministerio de Fomento (Unidad de Carreteras en Pontevedra), con data de entrada no Rexistro xeral desta XMU do 05.05.2000 (Nº rexistro 75963).

I.2. Con posterioridade, aprobouse a adhesión dos propietarios titulares do 97,96% da superficie do ámbito ó modelo xeral de Estatutos e Bases de Actuación aprobados polo Consello da XMU o 11.12.203 (BOP nº 1, do 02.01.2004) e constituiu a Xunta de Compensación (Acordo da XGL do 20.12.2004; Exp. nº 4530/401).

I.3. No expediente administrativo nº 178/413 tramitouse a expropiación, por instancias e en beneficio da Xunta de Compensación urbanizadora do ámbito, das parcelas dos propietarios non incorporados e co nº 208/413 iniciouse a tramitación do expediente expropiatorio por taxación conxunta dos terreos propiedade do Ministerio de Fomento (tampouco non adherido á XC) incluídos no Polígono nº 1 do PP; terreos destinados a viario público dunha superficie de 7.764,00 m2, que comprendería os ribazos situados na cara N. do vial variante de Baruxáns e a franxa de terreo paralela á A-52.

I.4. En sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 07.04.2008 aprobouse inicialmente dito expediente expropiatorio, dispoñéndose a apertura dun trámite de información pública polo prazo dun mes mediante a publicación de anuncios no DOG (nº 107, do 04.06.2008) e nun xornal dos de maior circulación da Provincia («Faro de Vigo», do 02.05.2008), con notificación individualizada das follas separadas de aprezo e da proposta de fixación dos criterios de valoración a todos os que aparecían como titulares de bens ou dereitos.

I.5. Consta no expediente nº 975/400 oficio do Ministerio de Fomento (Demarcación de Carreteras de Galicia) de data 18.04.2008 (Rexistro XMU do 02.05.2008; Doc. nº 80053682) no que, á vista da solicitude do Concello de Vigo de rectificación do trazado da EI-4-PO-19 “Variante de trazado. Tramo Porriño-Vigo”, a fin de axustalo, na maior medida posible, á ordenación establecida no PP 03.23 «BARUXÁNS – B», informou que: «...no es posible llevar a cabo la rectificación del trazado del Estudio Informativo y que las alternativas propuestas por ese Concello no suponen una solución viable al respecto». Informou tamén que o 10.04.2008, a Dirección General de Carreteras do Ministerio de Fomento ditara Resolución mediante a que autorizaba a Orde de Estudio do Proxecto de construción da precitada variante do Tramo Porriño – Vigo (Clave 12-PO-4240/T2-PO-4240), co fin de levar a cabo o desenvolvemento da solución escollida na aprobación definitiva do EI-4-PO-19 (BOE nº 256, do 25.10.2007).

I.6. Constan tamén as alegacións presentadas polo enxeñeiro-xefe da Demarcación de Carreteras en Galicia do Ministerio de Fomento no Rexistro Xeral da XMU en datas 09.05.2008 e 14.05.2008 (Docs. núms. 80058358 e 80060620), durante aquél trámite de información pública do expediente expropiatorio, nas que –en síntese-manifestou a incompatibilidade do desenvolvemento do PP 03.23 «BARUXÁNS – B» coa execución da “Variante de trazado. Tramo Porriño-Vigo” suliñando a imposibilidade de que o Concello de Vigo expropiase os terreos descritos no expediente de referencia. Fundamentaba estas conclusións nos seguintes razonamentos:

- a) Na zona ordenada polo PP 03.23 «BARUXÁNS – B» existía aprobación definitiva do EI-4-PO-19, “Variante de Trazado. Tramo Porriño-Vigo”. De conformidade coa normativa estatal de estradas (Art. 8 L.25/1988, do 29 de xullo): «...no se considera posible llevar a cabo la ejecución o desarrollo del Plan Parcial de Baruxáns, teniendo en cuenta que existe una obra pública de interés general en proyecto, para la cual será necesario expropiar parte de las parcelas que conforman o se incluyen en la delimitación del Plan Parcial».
- b) Carácter demanial e, polo tanto, inalleable (Arts. 5 LPAP e 21 L.25/1988) dos terreos que o Concello pretendería expropiar, a non ser que fosen previamente desafectados pola Admón. do Estado.

I.7. Remitida a alegación do Ministerio de Fomento á Xunta de Compensación urbanizadora do ámbito, o seu presidente, Sr. Bastos Rodríguez, presentou no Rexistro xeral da XMU o 04.03.2009 (Doc. nº 90030803) instancia rexeitando as alegacións do Ministerio e solicitando, en definitiva, a continuación e aprobación definitiva do expediente expropiatorio. En escrito posterior do 15.05.2009 (Doc. nº 90073019) o interesado reitera esa solicitude.

II. NORMATIVA CONSIDERADA

- TRLS/2008 (RDLEX. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia).
- LPAP (L.33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- LEF (Lei de Expropiación forzosa, do 16.12.1954).
- REF (Decreto do 26.04.1957, Regulamento da Lei de Expropiación forzosa).
- L.25/1988, do 29 de xullo, de Estradas e camiños.
- RD.1812/1994, do 2 de setembro, Regulamento Lei de Estradas.
- RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000).
- PXOU-93 (Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo; A.D. Consello da Xunta 29.04.2003; DOG 10.05.1993; normas urbanísticas, BOP nº 133, 14.07.1993).
- PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009).
- Plan Parcial 03.23 «BARUXÁNS – B» (Bembrive); Aprobación definitiva Pleno 02.09.2002 (Exp. nº 5823/411; BOP nº 206, do 25/10/2002).

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. No BOE nº 155 do 30.06.2005 (corrección de erros: BOE nº 166, do 13.07.2005) publicouse o anuncio da Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia sobre Resolución da Dirección General de Carreteras pola que se aprobaba provisionalmente e se sometía a información pública o estudo informativo e de impacto ambiental do proxecto: «Variante de trazado. Tramo: Porriño-Vigo de Clave EI.4-PO-19. Provincia de Pontevedra».

III.2. Mediante Resolución do 17.01.2007 da Secretaría General para la Prevención de la Contaminación y el Cambio Climático, formulouse declaración de impacto ambiental sobre o proxecto de referencia.

III.3. Dispón o Art. 21.2 do RD.1812/1994, do 2 de setembro (Regulamento Lei de Estradas) que para determinar a incidencia da construción de estradas ou variantes sobre o planeamento urbanístico estarase ó disposto no Art. 33 deste Regulamento, que no se Apdo. 3º establece que, con ocasión das revisións dos instrumentos de planeamento urbanístico ou nos casos en que se aprobe un tipo de instrumento distinto ó anteriormente vixente, incluíranse as novas estradas ou variantes contidas en estudos de estradas aprobados definitivamente.

III.4. O “Estudio Informativo” constitúe unha fase procedimental preliminar vencellada á fase de proxección do trazado da estrada, de carácter substancial, que se insire no complexo iter procedimental que debe seguirse na construción dunha estrada estatal, que integra as fases de planificación, proxección e construción, e que se formalizan a través da aprobación de forma consecutiva de distintos documentos: Estudio de planeamento, Estudio previo, Estudio informativo, Anteprojecto, Proxecto de construción e Proxecto de trazado, cuxo obxecto consiste en definir en liñas xerais o trazado da estrada para que poida servir de base ó expediente de información pública que se incoe, de ser o caso, e ser aprobado definitivamente polo Ministerio de Fomento á vista das observacións e alegacións formuladas.

III.5. Quedou dabondo acreditada a razonada oposición municipal (e da Xunta de Compensación) ó trazado da variante proposta polo Ministerio de Fomento (Exp. nº 975/400). Sirvan como exemplos a solicitude de rectificación do Estudio informativo asinada polo Excmo. Sr. Alcalde – Presidente o 14.12.2007, presentada o 20.12.2007 no Rexistro do Ministerio de Fomento, na que se advertía da súa total incompatibilidade coa ordenación do Plan Parcial e das previsibles consecuencias indemnizatorias para a Admón. do Estado, e tamén o informe do Director dos Servizos técnicos da XMU de 08.08.2005 («Informe sobre el Estudio Informativo de la variante del trazado: Porriño – Vigo (Clave EI.4-PO-19)»), no que xa se deixaba constancia de que:

«1) O Ministerio de Fomento debe ser consciente (dado que foi advertido en varias ocasións sobre o dito particular) que establece os enlaces sobre a A-55 ocupando polo menos parcial ou totalmente solos clasificados como urbanizables no PXOM do 93 (polo tanto en vigor). Estes sectores teñen ademais instrumentos de desenvolvemento urbanístico consolidados, e aprobados, nalgúns casos con licenza administrativa concedida. De feito o estado de ditos sectores concretáronse no extremo de que figuran como sectores urbanizables no novo PXOM en fase de aprobación, correspondendo a zoa de enlace (...) no caso da [alternativa] “5b” como SPI-02 03-23 BARUXÁNS B. As afeccións que se provocarían no caso de confirmarse os trazados propostos na zoa de enlace, poderían derivar en peticións de indemnización, ou de expropiación axustada ó desenvolvemento avanzado da transformación urbanística, posibilidade que debería ser considerada e avaliada polo Ministerio, tanto dende o punto de vista administrativo como económico (...)

Calquera solución de conecta-la variante que se propón como máis adecuada (a “5b”) soamente coa Avda. de Madrid como penetración no centro, aínda no caso da súa adecuación futura (nudo do Seminario e tramo ata a

Praza de España) no noso criterio, habería de considerarse como provisional, cousa que racionalmente non sería de recibo. É imprescindible diversificar-la entrada na cidade do tráfico rodado, transferindo ó Concello de Vigo a titularidade do tramo Seminario-Praza España da Avda. de Madrid (xa solicitado por este) para a súa transformación en vía urbana, condición que xa ten de feito na actualidade e non con carácter de penetración».

Dito informe foi aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 29.08.2005 (Exp. nº 975/400) e unánimemente ratificado en sesión plenaria do 12.09.2005, acordándose:

«1º.- Manifestar a súa disconformidade co Estudo Informativo da variante do trazado Porriño-Vigo (Clave EI.4-PO-19), polos motivos expostos no informe do Director dos Servizos Técnicos, D. Emilio García Rodríguez, aos efectos previstos no artigo 10 da Lei 25/1988, de 29 de xullo, de Estradas.

2º.- Comunicar á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia a vontade da Corporación de lograr unha solución consensuada entre o Ministerio de Fomento e os tres concellos afectados».

III.6. Sirva tamén como exemplo do nulo éxito das pretensións municipais de rectificación do trazado da EI-4-PO-19-4 “Variante de trazado. Tramo Porriño-Vigo” para axustalo á ordenación do PP 03.23 «BARUXÁNS – B», a resposta dada polo Ministerio de Fomento (Demarcación de Carreteras de Galicia) en oficio de data 18.04.2008 indicando que: «...no es posible llevar a cabo la rectificación del trazado del Estudio Informativo y que las alternativas propuestas por ese Concello no suponen una solución viable al respecto».

Tampouco correu mellor sorte o requirimento de rectificación ou revogación formulado polo Alcalde – Presidente desta Corporación o 20.09.2007 en relación co informe de xullo de 2007 do enxeñeiro-xefe da Unidad de Carreteras en Pontevedra da Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia sobre o PXOM aprobado provisionalmente o 19.05.2006; informe no que se sostiña a necesaria clasificación como solo rústico ou non urbanizable de especial protección de infraestructuras dos terreos afectados polas limitaciones e servidumes da lexislación de estradas (vid. folios núms. 3336-3338 e 3361-3364 do Exp. nº 7266/411).

III.7. No BOE nº 256, do 25.10.2007, publicouse a Resolución do Sr. Secretario de Estado de Infraestructuras e Planificación do 20.09.2007, de aprobación definitiva do «Estudio Informativo de clave EI-4-PO-19 Variante de Trazado. Tramo Porriño-Vigo». A alternativa escollida para desenvolver foi a denominada “5B” modificada do estudio informativo, de 10,3 Km de lonxitude e un PBL de 169 M€.

III.8. Pola súa banda, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia, na Orde da Conselleira do 16.05.2009, de aprobación definitiva parcial do PXOM de Vigo (DOG nº 106, do 03.06.2009) impuxo ó Concello de Vigo, con todas as súas consecuencias, o axuste das determinacións do Plan Xeral ó contido daquel Estudio informativo, nos seguintes termos:

«II.4. Infraestructuras de incidencia supramunicipal:

Por resolución do secretario de Estado de Infraestructuras do Ministerio de Fomento do 20-10-2007 (BOE do 25 de outubro) aprobouse definitivamente o estudo informativo da variante de trazado. Tramo O Porriño- Vigo. De conformidade co artigo 33.3º do regulamento xeral de estradas (Decreto 1812/1994, do 2 de setembro), o planeamento urbanístico debe axustar as súas determinacións ao contido dos estudos informativos aprobados pola Administración competente en materia de estradas. En consecuencia, debe axustarse a ordenación do PXOM nos seguintes ámbitos afectados polo trazado da vía citada:

-Conexión coa A-55: plano nº 11 da serie 1 a escala 1/5000, plano 13-O da serie 2 a escala 1/1000 e 1/2000.

-Solo urbanizable S-73-I/T Baruxáns: plano nº 11 da serie 1 a escala 1/5000, planos 13-O, 14-O da serie 2 a escala 1/1000 e 1/2000, e ficha correspondente...».

III.9. Efectuado, en contra do criterio municipal, o axuste ordenado pola CPTOPT da Xunta de Galicia a respecto dos terreos incluídos en principio no Sector S-73-I/T BARUXÁNS, mediante a Orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 13.07.2009 aprobouse definitivamente o documento de cumprimentación daquela Orde da CPTOPT do 16.05.2008 (“Anexo xustificativo do cumprimento das observacións formuladas pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia atendendo á Orde de 16 de maio de 2008 sobre aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación municipal de Vigo - Pontevedra”) no que se incluía un apartado relativo a «Infraestruturas de incidencia supramunicipal: variante do trazado “Tramo Porriño-Vigo”», que se limitaba a dar cumprimento ó ordenado neste punto pola Consellería sobre a inclusión da variante.

III.10. Desde a perspectiva procedimental, o desistimento municipal desta actuación expropiatoria, iniciada en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local do 07.04.2008, sería perfectamente posible toda vez que se produciría nun momento anterior á determinación do prezo xusto.

En efecto, estamos en presenza dunha expropiación non consumada, na medida en que nin se fixara aínda dito prezo xusto nin se producira a ocupación material dos bens por expropiar. Doutra banda, a proposta de desistimento resulta axustada ós principios de legalidade, igualdade e respecto ó interese público esixibles en aplicación do Art. 105 da LRX-PAC.

IV. CONCLUSIÓNS

1. Tendo en conta todo o anterior, entendemos que neste momento non resulta viable a continuación e aprobación definitiva do expediente incoado para a expropiación forzosa dos terreos do Ministerio de Fomento, nin tampouco dos demais instrumentos de execución do PP 03.23 «BARUXÁNS – B»; conclusión á que, por certo, xa chegara tamén a propia Xunta de Compensación que, en escrito do seu Presidente de data 06.05.2009, de reclamación de responsabilidade patrimonial dirixido á Dirección General de Carreteras do Ministerio de Fomento (Rexistro nº 63160, do 11.05.2009) manifestou que:

- «...la comunicación del Ministerio de Fomento [ó expediente expropiatorio] impide la continuación de la tramitación de la gestión y ejecución de la ordenación detallada prevista en el Plan Parcial definitivamente aprobado...».*
- «En definitiva, tras esta resolución, se paraliza el procedimiento de gestión, resultando imposible su conclusión, por lo que los aquí reclamantes ven como todos los gastos llevados a cabo hasta el momento se vuelven inútiles, además de frustrarse y perder su derecho a materializar el aprovechamiento urbanístico que les atribuye la normativa y su derecho a edificar» (figura copia no Exp. nº 12001/401).*

Con independencia da conducta contradictoria da Xunta de Compensación que, ó tempo que reclama a responsabilidade patrimonial do Ministerio de Fomento por entender que impide a continuación da execución urbanística do Plan Parcial (escrito do 06.05.2009) insta desta Administración municipal a aprobación definitiva do expediente expropiatorio (escritos de datas 04.03.2009 e 15.05.2009), coincidimos en que carecería da máis elemental lóxica decretar agora a expropiación forzosa dos terreos do Ministerio de Fomento incluídos no PP cando, ó mesmo tempo, o Ministerio de Fomento e a propia Xunta de Galicia impuxeron ó Concello de Vigo que o novo PXOM incluíse o contido da variante do Estudio informativo e clasificase os terreos do ámbito como solo rústico de protección de infraestruturas (RPI), imposibilitando,

de facto, o desenvolvemento desta actuación, como así se manifestou con toda claridade nos diversos informes e alegacións da Demarcación de Carreteras de Galicia.

2. *Como queda constancia nos expedientes de planeamento e xestión tramitados por esta XMU, o Concello de Vigo fixo todo o posible para que desenvolvemento do PP 03.23 «BARUXÁNS – B» non se vise comprometido polo trazado da nova variante proxectada e, para tal efecto, solicitou formalmente do Ministerio de Fomento que rectificase o trazado do Estudio informativo a fin de facelo compatible coa ordenación do Plan Parcial; solicitude, que como antes lembramos, foi expresamente desestimada, como o foron tamén as alternativas propostas desde esta Corporación.*
3. *Así as cousas, vetada polo Ministerio de Fomento a continuación da xestión e execución deste sector, en aplicación da normativa sectorial de estradas do Estado e imposta pola Xunta de Galicia a integración no documento do PXOM daquel Estudio informativo e a inclusión dos terreos afectados dentro da clasificación de RPI, deberemos concluir coa actual inviabilidade do expediente expropiatorio inicialmente aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do 07.04.2008 e das demais actuacións de execución do PP 03.23 «BARUXÁNS – B»; en especial, do proxecto de compensación (Exp. nº 4643/401).*
4. *Sen prexuízo do anterior e salvo criterio mellor fundamentado, entendemos que por coherencia co defendido ata este momento en vía administrativa tanto polos servizos técnicos como polos representantes da Corporación e, sobre todo, por non consideralo como o trazado máis conveniente para os intereses municipais, nin desde o punto de vista técnico nin desde o impacto ambiental da alternativa seleccionada (incidencia sobre o curso do río Eifonso), non sería contradictorio que o Concello de Vigo continuase a defender, mesmo na vía xurisdiccional contencioso-administrativa, a rectificación do trazado aprobado polo Ministerio e incorporado forzosamente agora, en contra da vontade municipal, ó novo PXOM.*

V. PROPOSTA

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local (Art. 127.1.d] LRBRL) a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: *De conformidade co informe-proposta da Oficina de Planeamento – Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo transcrito na parte expositiva deste Acordo, desistir da continuación do procedemento expropiatorio tramitado no expediente nº 208/413, aprobado inicialmente por acordo da Xunta de Goberno Local do 07.04.2008, agora revogado, relativo ós terreos propiedade do Ministerio de Fomento incluídos no ámbito do “Plan Parcial 03.23 BARUXÁNS – B”, toda vez que ese organismo e a Xunta de Galicia impuxeron ó Concello de Vigo que o novo Plan Xeral incluíse o contido do Estudio Informativo da variante do trazado Porriño – Vigo (Clave EI.4-PO-19) e clasificase os terreos do ámbito como solo rústico de especial protección de infraestructuras, imposibilitando o desenvolvemento desta actuación.*

SEGUNDO: *Declarar concluso o procedemento expropiatorio tramitado no expediente administrativo nº 208/413 e proceder ó seu arquivo, notificando o presente acordo ó Ministerio de Fomento (Demarcación de Carretera do Estado en Galicia) e á Xunta de Compensación do Polígono nº 1 do Plan Parcial 03.23 BARUXÁNS - B, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de un (1) mes ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, contados desde o día seguinte ó da súa notificación».*

Non obstante, o órgano resolutorio decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis procedente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(1069).- PROPOSTA DE REDUCCIÓN DA LÍNEA LÍMITE DE EDIFICACIÓN DA AUTOVÍA VG-20 (P.K. 4+300/PK 2+000). EXPTE. 61/403.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta informe-proposta do director adxunto dos Servizos Técnicos, do 30.06.09, conformado polo director dos Servizos Técnicos e polo Xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

"O 10 de Xaneiro de 1996 ditouse Resolución definitiva ao Estudo de "Modificación da liña límite de edificación no tramo urbano da nova estrada de penetración a Vigo", tramo Avda. de Madrid - Avda. de Castrelos e nova estrada de acceso ao Porto de Vigo, tramo Castrelos – Bouzas".

Respondía esta resolución ás solicitudes trasladadas ao Ministerio de Obras Publicas, Transportes e Medio, contidas nos acordos plenarios do 10 de Maio de 1994 e 31 de Marzo de 1995.

Como consecuencia desta resolvíase, "Establecer definitivamente a liña límite de edificación á distancia de quince (15) metros, medida horizontalmente a partir da aresta exterior da calzada nos tramos Avenida de Madrid - Avenida de Castrelos e Castrelos - Bouzas correspondentes ao primeiro cinto de circunvalación Vigo, garantíndose en todo caso unha distancia mínima de dez (10) metros entre a aresta exterior da explanación e a liña de edificación, agás nos casos en que están previstas vías de servizo de dous carrís e beirarrúas, sendo neste suposto o bordo exterior da beirarrúa lindeira coa liña límite de edificación, aplicable á zona delimitada nos planos do Estudo de Delimitación presentado pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, redactado en maio de 1995; conforme ao previsto nos artigos 25 da Lei 25/1998, do 29 de xullo, de Estradas (BOE. 30/7/88) e 85 do Regulamento Xeral de Estradas do 2 de setembro de 1994 RD. 1812/1994, BOE. 23/9/94)..."

Hoxe a titularidade do tramo Avenida de Madrid - Avenida de Castrelos (Avenida de Antonio Palacios), e unha pequena parte do tramo Castrelos - Bouzas (o seu comezo ata a intersección coa Avenida de Ricardo Mella), foron transferidos ao Concello de Vigo en virtude do "Convenio entre o Ministerio de Fomento e o Concello de Vigo para o financiamento do Proxecto de obras de mellora dos tramos urbanos da rede de estradas do Estado no termo municipal de Vigo, e transferencia da titularidade destes.", de data 24 de Outubro de 2005.

Por outro lado, o resto do tramo Castrelos - Bouzas pasou formar parte da Autovía VG -20, entendendo que se ben a liña límite de edificación da devandita vía está fixada a cincuenta (50) metros da aresta exterior da calzada, segundo resolución do Director Xeral de Estradas de data 13 de Xullo de 2006, esta non altera as condicións fixadas ao tramo citado o 10 de Xaneiro de 2006.

No Informe que este Concello emitiu en relación coa solicitude que deu orixe á anterior resolución citada, o Director dos Servizo Técnicos indicaba que "...O que parece é que esta vía debe encadrarse no tratamento de redes arteriais a teor do que define o artigo 37.1 da Lei de Estradas e por iso debemos unificar criterios co fin de poñer en valor o artigo 38.1 da devandita Lei."

Tamén se apelaba ao artigo 25.3 da citada Lei: "Así mesmo o Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo, logo de informe das Comunidades Autónomas e Entidades Locais afectadas, poderá por razóns xeográficas ou

socioeconómicas, fixar unha liña límite de edificación inferior á establecida con carácter xeral, aplicable a determinadas estradas estatais en zonas ou bisbarras perfectamente delimitadas".

O chan que atravesa esa estrada por ambas as dúas marxes, dende o P.K. 4 +300 e ata o P.K.2 +000 (glorieta de intersección coa Avenida de Ricardo Mella) é na súa maioría Urbano Consolidado, se exceptuamos os que ocupan o Plan Parcial de Navia (S -72-R), aínda que estes están en tal grao de desenvolvemento, que practicamente remataron a súa conversión a aquela outra cualificación urbanística.

Tamén, e dende unha valoración socioeconómica, predominan as ordenanzas de tipo industrial sobre as de carácter residencial, con algunhas áreas que dispoñen de documentos de desenvolvemento urbanístico aprobados, e polo tanto con maiores facilidades para a súa materialización, como é o caso do API -51 e API -52.

Tomando en conta todos os antecedentes citados, a xuízo do Técnico que informa, nada impide que para os efectos de materializar o aproveitamento urbanístico, se fixe a mesma liña límite de edificación dende o P.K. 4 + 300 e ata o P.K.2 +000 (glorieta de intersección coa Avenida de Ricardo Mella) da Autovía VG -20, que a que rexe ata o P.K. 0 +000, é dicir a quince metros (15) da aresta exterior da calzada.

Así pois a teor do que antecede, elévase á Corporación a seguinte proposta:

Solicitar o establecemento da liña límite de edificación, no tramo comprendido entre o P.K. 4 + 300 e o P.K.2 +000 da Autovía VG -20, á que fai referencia o artigo 25 da Lei 25/1988 de Estradas e 85 do seu Regulamento, á distancia de quince (15) metros, medidos tal como se detalla nos preceptos legais citados, por estimar que estamos nas condicións do apartado 3 do artigo 25 da citada Lei, toda vez que se dan as mesmas circunstancias que no tramo da que no seu momento foi estrada de penetración e acceso ao Porto de Vigo entre Castrelos e Bouzas, tendo en conta fundamentalmente as previsións do PGOM, referentes aos aproveitamentos urbanísticos..

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 9 de xullo de 2009, toma coñecemento do precedente informe e acorda remitilo á Xunta de Goberno local.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(1070).- RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES DE REALOXAMENTO DOS OCUPANTES LEGAIS DO POLÍGONO 11 DO PERI DO CALVARIO (ACTUAL A4 09 CALVARIO 6) EXPTE. 9/433.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director da oficina de Planeamento e Xestión, do 3.07.09, que di o seguinte:

En data 7.10.08 a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo: "(...) PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o proxecto de reparcelación do polígono 11 do PERI IV-04 do Calvario (actual APR 4 09 "Calvario 6") (expte 4624/401).

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ós titulares de dereitos de propiedade e arrendamento, informando que contra o presente acordo cabe interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante esta mesma Administración no prazo dun mes ou, contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo. Ós titulares de dereito de arrendamento

que é susceptible de ser indemizada a súa extinción, informar que para que se proceda ó aboamento das cantidades previstas no proxecto de equidistribución, deberán achegar xustificación fehaciente da condición de arrendatario tal e como se fixo mención nos antecedentes da presente proposta (...)”.

O citado acordo foi trasladado a todos os que figuran como ocupantes legais no expediente, ben como arrendatarios ou propietarios.

A Oficina de Vivenda da Xerencia municipal de urbanismo, con respecto a aquelas persoas que solicitaron o dereito de realoxamento, realizou as comprobacións e averiguacións que se consideraron oportunas, de tal xeito, en data xxx, emitiuse informe no que se propoñe o recoñecemento do dereito de realoxamento aos ocupantes legais dos seguintes inmobles:

- ▶ *Arrendatario parcela 7, San Roque 100 baixo dereita.*
- ▶ *Arrendatario parcela 7, San Roque 100 1º esquerda.*
- ▶ *Arrendatario parcela 7, San Roque 100 2º dereita.*
- ▶ *Arrendatario parcela 38, Gregorio Espino 28 2º.*
- ▶ *Arrendatario parcela 38, Gregorio Espino 28 3º.*

No mesmo informe, consta a proposta de desestimación da petición de realoxamento para os seguintes arrendatarios:

- ▶ *Arrendatario parcela 38, 1º: se desestima por ser propietario doutro inmovible dentro do Término municipal de Vigo (referencia catastral 3935911NG2733N0001XU) que pasou a ITE favorable no 2006.*
- ▶ *Arrendataria parcela 39, 2º e 3º: Non se contempla ningunha indemnización nin se lles concede o dereito de realoxamento porque a vixencia ou posibilidades de prórroga dependen da vontade do arrendador, tal e como consta no informe-proposta de aprobación definitiva do proxecto de reparcelación da sesión de 7.10.09 da Xunta de Goberno Local. Neste suposto, será o propietario do inmovible o que debe asumir as obrigas co seu arrendatario.*

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Obxecto do presente informe-proposta.- *O acordo que se propoñe, ten por obxecto o resultado da comprobación das condicións de ocupantes legais de vivendas sitas no ámbito do A 4 09 (antigo polígono 11 do PERI do Calvario).*

2.- Réxime xurídico polo que se regula o dereito a realoxamento.- *A disposición adicional cuarta (regra 2ª) do Real decreto lexislativo 1/92, de 26 de xuño, polo que se aprobaba o texto refudido da lei do solo e ordenación urbana, mencionaba a existencia do dereito de realoxo e retorno. No seu apartado 2º, contiña unha referencia a tal dereito no caso de actuacións urbanísticas de carácter sistemático. Esta regra foi declarada inconstitucional pola Sentencia do Tribunal Constitucional 61/97 e, en opinión da meirande parte da Doctrina, precisaba dun recoñecemento autónomo para*

ser efectivo e esixible. En efecto, ésta foi a conclusión que resultou dos primeiros pronunciamentos xurisprudenciais, no que se precisa que require unha plasmación concreta na normativa de rango legal da Comunidade Autónoma (STSX País Vasco 20.02.04).

A letra d) do Real decreto legislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Solo, prevé como unha obriga dos promotores dunha actuación de urbanización, a de garantir o dereito de realoxamento dos ocupantes legais que se precise desaloxar dos inmobles situados dentro da área de actuación e que constitúan residencia habitual. O título competencial sobre o que o Estado dicta esta norma é o artículo 149.1.1 CE e se fundamenta no dereito a que os ocupantes legais de edificacións afectadas por unha actuación de urbanización, dispoñan dunha vivenda digna.

3.- Procedemento administrativo levado a cabo para a comprobación dos ocupantes legais que teñen dereito a realoxamento.- Unha vez incoado expediente, recabouse dos arrendatarios/propietarios que manifestaran a súa vontade de ser recoñecido o seu dereito a realoxamento. A comprobación da citada situación, levouse a cabo de acordo coa Resolución do Delegado de urbanismo e vivenda de data 3.07.09 polo que se deu aprobación ao Protocolo de actuación para a resolución dos expedientes de realoxamento de afectados por actuacións urbanísticas.

Establecéronse como requisitos mínimos para outorgar o informe favorable ó dereito de realoxamento, os seguintes:

- ▶ Que o inmovible deba ser desaloxado por incompatibilidade co planeamento ou porque é necesaria a súa demolición.*
- ▶ Que o inmovible constituía residencia habitual. Debe selo no momento de aprobación definitiva do procedemento urbanístico: polo tanto conxelaranse os dereitos no momento de aprobación do plan polo que se estableza a ordenación detallada.*
- ▶ Que ningún membro da unidade convivencial posúa dereitos nin propiedade sobre outra vivenda no término municipal, sempre que a vivenda estea en condicións de habitabilidade.*
- ▶ Que cumpran os requisitos establecidos para obter o dereito de realoxamento con arranxo á lexislación vixente.*
- ▶ Que utilicen a indemnización que lles corresponde para pagar a compra ou o importe do aluguer da nova vivenda e para os gastos de traslado e de novas altas dos contratos de subministro.*
- ▶ Que os ingresos da unidade familiar ou convivencial non excedan de 5,5 veces o IPREM.*

4.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta o previsto no artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local (redacción da Lei 57/03, de 16 de decembro), a competencia para a aprobación do presente proxecto de compensación é atribuída á Xunta de Goberno Local.

Por todo elo, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Recoñecer o dereito de realoxamento aos arrendatarios da parcela número 7, baixo dereita (San Roque 100), 1º esquerda, 2º dereita, 2º e 3º da parcela número 38 (Gregorio Espino 28).

2.- Desestimar a solicitude de realoxamento arrendatario parcela 38, 1º e o 2º e 3º da parcela 39.

3.- *Notificar o presente acordo aos interesados informando que cabe interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición no prazo dun mes ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo.*

O Consello da Xerencia de Urbanismo, en sesión do 9 de xullo de 2009, toma coñecemento do devandito informe e acorda a súa remisión á Xunta de Goberno local.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(1071).- EXPEDIENTE EXPROPIATORIO MEDIANTE TAXACIÓN CONXUNTA DA ÁREA DOTACIONAL Nº 1 DA RÚA CELSO EMILIO FERREIRO DO PEPRI CASCO VELLO. EXPTE. 206/413.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica da Admón. Xeral, do 3.07.09, conformado pola Xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- O Concello-Pleno en sesión do 12 de abril de 2007 aprobou definitivamente o Plan especial de protección e reforma interior Casco Vello, publicado no BOP de Pontevedra núm. 96 do 18 de maio de 2007.

O devandito PEPRI Casco Vello inclúe un Área dotacional número 1 na que se recollen un conxunto de parcelas con edificacións en mal estado sinaladas cos números 2, 4, 6, 10 e 12.

A delegada da área de urbanismo e vivenda da Xerencia municipal de urbanismo, con data 27/03/08, resolveu a incoación do expediente de expropiación das devanditas construcións.

No proxecto expropiatorio redactado polas oficinas de planeamento e xestión e barrios históricos da Xerencia municipal de urbanismo, se determinan as parcelas obxecto da expropiación, relación de propietarios, cos documentos que identifican o ámbito en canto a situación, superficie e lindeiros; fixación de prezos coa valoración razoada do solo, edificacións e dereitos; e folla de prezo xusto individualizado dos predios, nas que se conteñen o valor do solo e posibeis obras, instalacións e edificacións en xeral existentes.

Consta no expediente certificado da existencia de saldo de crédito dispoñible, quedando retido o importe de 365.840,54 €.

Segundo.- A Xunta de Goberno local, en sesión extraordinaria e urgente do 5 de decembro de 2008 aprobou inicialmente o proxecto expropiatorio por taxacion conxunta da Área dotacional 1 do PEPRI Casco Vello de Vigo, referido ao conxunto de parcelas con edificacións en mal estado sinaladas cos números 2, 4, 6, 8, 10 e 12 da rúa Celso Emilio Ferreiro, descritas no citado proxecto expropiatorio, proceder á apertura dun trámite de información pública polo prazo dun mes e á notificación ó Rexistro da propiedade.

Terceiro.- Este acordo publicouse o 12 de febreiro de 2009 no DOG núm. 30, e no diario Faro de Vigo do 3 de febreiro de 2009, practicándose as notificacións individualizadas, e no seu caso a través de edictos, coas tasacións ós titulares de bens e dereitos que constan no expediente mediante o traslado literal da folla de aprecio e dos criterios de avaliación, e expedindo a sra. Rexistradora da propiedade o 21 de abril de 2008 a certificación de dominio e cargas das fincas afectadas, únicamente as referidas cos núms. 7.771, 7.772, 7.773, e 7.774, núms. 12, 10, 8 e 6 da rúa Celso Emilio Ferreiro, en canto as dúas parcelas restantes non están inmatriculadas.

Consta no expediente informe do topógrafo municipal no que se identifica a actual rúa Celso Emilio Ferreiro coa antiga Pracer de Arriba ou Abeleria Menéndez.

Cuarto.- Durante a instrucción do expediente presentáronse cinco alegacións segundo certificación do secretario da xerencia:

DOCUMENTO	DATA DE ENTRADA	INTERESADO
90006739	19/01/09	MANUEL ANGEL GARCIA ALVAREZ JORGE GARCIA ALVAREZ
90018067	10/02/09	MARIA SOL ALVAREZ RUA FRANCISCO JAVIER ALVAREZ RUA
90019494	12/02/09	JESUS MARTO PEREZ
90026166	25/02/09	MANUELA ARAUJO CONDE
90039077	20/03/09	MANUEL ANGEL GARCIA ALVAREZ

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación

O artigo 29.2 do Real decreto lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo, establece que a aprobación dos instrumentos da ordenación territorial e urbanística que determine a súa lexislación reguladora conlevará a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos correspondentes, cando os devanditos instrumentos habiliten para a súa execución e ésta deba producirse por expropiación.

No presente caso a declaración de utilidade pública ven lexitimada pola aprobación plenaria, mediante acordo de data 12/04/07, de aprobación definitiva do Plan especial de protección e reforma interior do Casco Vello de Vigo (expte. 7888/401), que inclúe a área dotacional nº 1 a obter por expropiación.

II.- Informe ás alegacións

Docs. 90018067 e 90039077, Manuel Angel García Álvarez, Jorge García Álvarez: na que manifestan ser propietarios da edificación do núm. 8 da rúa Celso Emilio Ferreiro, aportando fotocopia da escritura pública núm. 2.091 de data 17-12-2008 do protocolo do notario d. Ernesto Regueira Núñez, pola que Manuel García Castro e a súa dona, Cándida Álvarez Fernández transmiten ós seus fillos Manuel Angel García Álvarez e Jorge García Álvarez en concepto de mellora, o pleno dominio da citada finca, así como autoliquidación do imposto sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana contabilizado o 12 de marzo de 2009.

Segundo información obrante no expte, e nota simple expedida pola sra. rexistradora da propiedade, esta finca sería a núm. 7773 inscrita a nome de Jose Fernández Rial e Justa García Álvarez, e segundo certificación catastral a nome dos Herdeiros de Jose Fernández Díaz.

De conformidade co previsto no art 30.3 Real decreto lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo, chegado o momento do pago do xustiprezo, somentes se procederá a facelo efectivo consignándose en caso contrario, a aqueles interesados que aporten certificación rexistral a seu favor, na que conste haberse extendido a nota do artigo 32 do Regulamento hipotecario ou no seu defecto, os títulos xustificativos do seu dereito, completado con certificacións negativas do rexistro da Propiedade referidas á mesma finca descrita nos títulos. Xa que logo, non constando nos rexistros oficiais como propietarios, deberá procederse á consignación do xustiprezo, alomenos en tanto os interesados non acrediten en tempo a propiedade aducida.

Doc. 90018067, M^a Sol Álvarez Rúa e Fco. Javier Álvarez Rúa: en relación co núm. 12 de Celso Emilio Ferreiro refiren unha suposa conversa co anterior xerente de urbanismo pola que se lle tería ofrecido un xustiprezo en especie (vivenda) por valor de 65.934 euros, cando agora se lles ofrece somentes 53.608,34 euros. Esta alegación, referida á avaliación da finca informouse polos arquitectos municipais en data 20-05-2008, informe que se transcribe, : “Na alegación expoñen que con data 8 de xuño de 2006 presentaron unha valoración por unha cantidade de 197.318,48€, que no mesmo ano declarouse o estado de ruína do inmovble (N^oexpte:58217/421). Presentouse un recurso de reposición (foi desestimado). Dín que o Xerente nese momento lles facilitou unha valoración da súa propiedade feita pola empresa Sociedade de Tasación, S.A. por un valor de 65.934€. Non entenden que a administración no proxecto de expropiación valore a propiedade con un valor inferior.

Con data 27 de marzo de 2008 a delegada a área de urbanismo e vivenda da Xerencia Municipal de Urbanismo resolveu a incoación do expediente de expropiación da Area Dotacional na que se atopa incluída a propiedade dos alegantes.

Con data 28 de maio de 2007 aprobouse a lei 8/2007 de solo, lei estatal que regula as valoracións urbanísticas para supostos de expropiación (entre outros). Posteriormente, con data de 20 de xuño de 2008 apróbase o texto refundido da lei de solo, RDLex2/2008.

Dada a data de inicio do expediente de expropiación (data de incoación) a lexislación de aplicación é a lei 8/2007 de 28 de maio de solo.

Para o caso de parcelas en solo en situación de urbanizado (como é o caso que nos ocupa) e sen edificabilidade lucrativa asignada, a lei 8/2007 cambia os criterios de valoración respecto á lei 6/1998 de 13 de abril, vixente no ano 2006.

A lei 6/1998 establecía que no caso de non ter asignada edificabilidade un solo (no caso de solos urbanos) a edificabilidade a considerar era a media do polígono fiscal, e o uso e tipoloxía os característicos do polígono fiscal. A a lei 8/2007 modifica os criterios de valoración, eliminando toda referencia aos polígonos fiscais, as ponencias catastrais e ao Catastro de Facenda. A lei 8/2007

establece “Si los terrenos no tienen asignada edificabilidad o uso privado por la ordenación urbanística, se les atribuirá la edificabilidad media y el uso mayoritario en el ámbito espacial homogéneo en que por usos y tipologías la ordenación urbanística los haya incluido”.

No caso dos terreos incluídos na área dotacional Nº1 do PEPRI Casco Vello, a ordenación urbanística incluíunos no PEPRI Casco Vello. O uso e tipoloxía tamén serán as do Casco Vello. Iste cambio de ámbito de referencia entre o Polígono fical e o PEPRI, fai que as valoracións da parcela teñan sufrido unha variación. A parcela está situada no polígono 3 del catastro que ten unha delimitación totalmente distinta ao PEPRI.

O vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, con data 29 de novembro de 2006, resolveu declarar o estado de ruína inminente do edificio sito na rúa Celso Emilio Ferreiro, núm. 12, propiedade dos herdeiros de don Andrés Alvarez Costa. A propiedade presentou un recurso de reposición que foi desestimado.

Na valoración aplícase o método residual estático que parte do valor en venta do posible produto inmobiliario rematado (neste caso hipotético) e dedúcenselle tódolos costes derivados do proceso construtivo e tendo en conta a marxe de beneficio do promotor.

Achégase no proxecto de expropiación un estudo de mercado con mostras atopadas de vivendas situadas no Casco Vello. Aplícase o método residual estático según o establecido na Orde ECO/805/2003, que é o que establece a lei na súa disposición adicional terceira, considerando o uso e a tipoloxía característica da zona na que o planeamento incluiu esta parcela, que é como xa se expuso o Casco Vello”.

Xa que logo a avaliación e fixación do xustiprecio ven determinada polo art 21.1 Real decreto legislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo, e por prescrición do art 30.1 da mesma norma, segundo criterios contidos nesta.

Doc. 90019494, Jesús Martín Pérez, aportando fotocopias de una certificación dun auto xudicial polo que se declaran herdeiras abintestato de Leonor Peixoto Carreira, as súas fillas, Concepción e M^a Carmen Mosquera Peixoto; fotocopia do inventario ós efectos de liquidación do imposto de sucesións de Leonor Peixoto, no que se inclúe a casa do núm. 100 da rua Placer de Afuera; fotocopia parcial da escritura pública núm. 3970 de data 23-10-1989 do notario d. Alberto Casal Rivas do testamento aberto de dna. Concepción Mosquera Peixoto, pola que institúe herdiero universal o seu marido, Jesús Araujo Mariño, e substituta vulgar a súa sobrina, Manuela Araujo Conde.

A referencia do Rexistro da Propiedade é a finca 7772, titular Leonor Peixoto Carrera, hoxe é o num 10 de Celso Emilio Ferreiro.

Xa que logo, non constando nos rexistros oficiais como propietario, en similares términos co informado para o núm 8 , deberá procederse á consignación do xustiprezo, alomenos en tanto os interesados non acrediten en tempo a propiedade aducida.

Doc. 90026166, Manuela Araújo Conde, reivindica o 50% da propiedade do inmovible do num 10 de Celso Emilio Ferreiro como substituta vulgar da herdeira dunha copropietaria, acompañando parte da documentacion (fotocopias) que xustificaría tal condición, pero non a decisoria cal sería a aceptación da herdanza da causante no que se refire á transmisión do ben, e a súa constancia no Rexitro da propiedade, razón pola que se reitera o informado respecto ó núms. 8.

III. Procedemento de aprobación do proxecto expropiatorio

O artigo 143 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), regula o procedemento de expropiación polo sistema de taxación conxunta, determinando o contido mínimo do proxecto e o procedemento de aprobación do mesmo. O proxecto deberá ser sometido a un trámite de información pública polo prazo dun mes para que aqueles que poidan resultar interesados, formulen as observacións e reclamacións que consideren convenientes, en particular no que atinxe á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos. Así mesmo, deberase notificar individualmente aos que aparezan como titulares de bens e dereitos no expediente con traslado literal da folla de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración. Logo da análise das alegacións presentadas, procederase á aprobación definitiva implicando a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados.

A resolución aprobatoria do expediente notificarase ós interesados titulares de bens e dereitos que figuran no mesmo, confiríndolles un prazo de vinte días, durante o cal poderán manifestar por escrito ante el órgano expropiante a súa disconformidade coa avaliación establecida no expediente aprobado.

IV.- Efectos da aprobación do expediente de expropiación por taxación conxunta

Se os interesados non á avaliación no citado prazo de vinte días, entenderase aceptada a que se fixou no acto aprobatorio do expediente, entendéndose determinado o xustiprezo definitivamente e de conformidade.

O acordo de aprobación definitiva do expediente de taxación conxunta implicará a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados.

O pago ou depósito do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 do artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa, sen prexuízo de que continúe a tramitación do procedemento para a definitiva fixación do xustiprezo.

V. Inscripción no Rexistro da propiedade

Estarase ó disposto no artigo 31 Real decreto legislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo, 24.2, 25 e 26 do Real decreto 1093/97, de 4 de xullo, de inscrición no Rexistro da propiedade de actos de natureza urbanística e 32 do Regulamento hipotecario.

VI. Órgano competente para adopción do presente acordo

Correspóndelle á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, a aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non atribuídas expresamente ao Pleno, así como dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

De conformidade cos antecedentes e fundamentos transcritos, formúlase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO: Desestimar as alegacións presentadas por Manuel Angel García Álvarez, Jorge García Álvarez, Jesús Martín Pérez, Manuela Araújo Conde, polos fundamentos transcritos, e no senso de considerar que non acreditan fehacientemente e segundo lexilación urbanística ser propietarios das

parcelas a expropiar e que reivindicán, e asemade as alegacións presentadas por M^a Sol Álvarez Rúa e Fco. Javier Álvarez Rúa en canto á avaliación da parcela núm. 6 e polos fundamentos transcritos.

SEGUNDO: Aprobar definitivamente o proxecto expropiatorio por taxación conxunta da Área dotacional 1 do PEPRI Casco Vello de Vigo, referido ao conxunto de parcelas con edificacións en mal estado sinaladas cos números 2, 4, 6, 8, 10 e 12 da rúa Celso Emilio Ferreiro, segundo proxecto expropiatorio redactado polas oficinas de planeamento e xestión e barrios históricos da Xerencia municipal de urbanismo.

TERCEIRO: Os expropiados disporán dun prazo de vinte días dende a notificación desta resolución para, se o estiman conviñente, manifestar xustificadamente e por escrito a súa posible disconformidade coa valoración dos predios expropiados. Nese caso remitirase copia do expediente ó Xurado de Expropiación Forzosa, previo informe.

CUARTO: Notifíquese o contido íntegro deste acordo ós interesados, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses.

O Consello da Xerencia municipal de Urbanismo, en sesión do 9.07.09, toma coñecemento do devandito informe e acorda remitilo á Xunta de Goberno local.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(1072).- PROPOSTA PARA A CREACIÓN DUN FICHEIRO DE DATOS DE PARTICIPANTES NAS ACTIVIDADES DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE. EXPTE. 2565/336.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 17.07.09, conformado pola concelleira delegada de dito servizo, que di o seguinte:

A lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro) regula o tratamento de datos de carácter per-soal rexistrados en soportes físicos, que os faga susceptibles de tratamento, así como toda modalidade de uso posterior destes datos polos sectores público e privado. A finalidade desta regulación é garantir e protexer as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas, e especialmente a súa honradez e intimidade persoal e familiar.

No artigo 20 de devandita lei dispónse que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións só poderanse facer por medio de disposición xeral publicada no BOE ou no diario oficial correspondente, establecendo no seu punto segundo as indicacións concretas que deben constar nas disposicións de creación e modificación daqueles.

En consecuencia, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

" Que se aprobe á creación dun ficheiro mixto de datos de carácter persoal que recolla os datos dos

participantes nas actividades da Concellaría de Xuventude segundo se especifica no ANEXO que se achega"

Non obstante a Xunta de Goberno Local adoptará ou acordo que estime convinte.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

27(1073).- CONTRATO DA ACTUACIÓN MUSICAL DE AINHOA ARTETA NO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS O DÍA 14 DE AGOSTO (FESTAS DE VERÁN 2009). EXPTE. 3209/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 31.07.09, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 29.06.09, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que se achega no expediente, para a contratación, de acordo co previsto no artigo 20 da Lei 30/2007, da actuación musical de AINHOA ARTETA, dentro do programa de concertos das Festas de Verán 2009, o día 14 de agosto ás 23:00 horas, no auditorio ao aire libre de Castrelos.

2º.- Autorizar un gasto por un importe de 103.240,00 euros (IVE incluído) con cargo á bolsa de vinculación da partida presupostaria 4512.226.0805 (Festas de Vigo) do programa de Animación Sociocultural para o vixente exercicio en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará a SWEET NOCTURNA SLNE.

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación de Animación Sociocultural 2080.0000.77.0040277241.

4º.- Aprobar os prezos de 10 euros como venda anticipada e de 12 euros como venda en taquilla para as 1.700 entradas que o Concello porá á venda e das que será o único beneficiario.

28(1074).- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 138.500 € A FAVOR DA ENTIDADE “ANÓNIMO PUBLICIDADE S.L.” EXPTE. 2857/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 24.07.09, o informe de fiscalización, do 29.07.09, e de acordo co informe-proposta do coordinador xeral de Tenencia de Alcaldía, do 20.07.09, conformado polo concelleiro delegado de Comercio, Industria e Turismo, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o recoñecemento extrajudicial de crédito a favor da entidade “Anónimo Publicidad S.L., con CIF: B36721900”, en relación os gastos de promoción turística de Vigo, polo importe de 138.500 €, de acordo coa factura de data 19/12/08, nº2008/405, con cargo a partida e a vinculación 7510.2260202 “RC Promoción Turismo de Vigo” do vixente orzamento.

29(1075).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e doce minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.